

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº4/2015, EXTRAORDINARIA E URXENTE, REALIZADA O 6 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
RAMILO VARELA, Margarita
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Secretario do Concello

Diego García Doval

NON ASISTEN

DUARTE GERPE, Florinda (PP)
(Excusa a súa ausencia)

Interventora do Concello


Noemí González Mato

HORA DE INICIO: 11:55

HORA DE REMATE: 11:59

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 11:55 horas do domingo 6 de setembro de 2015, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde de xeito verbal, tendo en conta o tráxico accidente acontecido o día de onte (5 de setembro) durante a realización do Rally da Coruña ao seu paso polo termo municipal, e a urxencia da adopción dos acordos que se propoñen, que impediu a formalización da convocatoria por escrito (se ben se comunicou a todos/as os integrantes da Corporación, que asisten á sesión, agás a señora Duarte Gerpe, quen excusa a súa ausencia, por continuar os seus labores no operativo de Protección Civil do Concello), reúnense na sesión 4/2015, de carácter extraordinario e urxente, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

ORDE DO DÍA

- 1.-Declaración de urxencia da sesión.
- 2.-Declaración de loito oficial polo tráxico accidente acontecido o 5 de setembro de 2015 durante a realización do Rally da Coruña ao seu paso polo termo municipal.

1.-DECLARACIÓN DE URXENCIA DA SESIÓN.

Aos efectos do establecido nos artigos 46.2 b) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 79 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese a votación o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (seis concelleiros/as do grupo municipal do PP, cinco concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e o señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)), polo que se continúa co tratamento do seguinte punto da orde do día.

2.-DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POLO TRÁXICO ACCIDENTE ACONTECIDO O 5 DE SETEMBRO DE 2015 DURANTE A REALIZACIÓN DO RALLY DA CORUÑA AO SEU PASO POLO TERMO MUNICIPAL.

EXPOSICIÓN

O señor Alcalde, á vista do tráxico accidente acontecido o día anterior, 5 de setembro de 2015, durante a realización do Rally da Coruña ao seu paso polo termo municipal de Carral, propón verbalmente a adopción dos seguintes acordos:


- 1.- Declarar o loito oficial do Concello de Carral durante tres días, nos que as bandeiras permanecerán a media hasta nos edificios municipais.
- 2.- Suspender as Festas na honra á Virxe do Socorro.
- 3.- Amosar a solidariedade do pobo e do Concello de Carral coas familias das vítimas do tráxico accidente acontecido o 5 de setembro de 2015 durante a realización do Rally da Coruña ao seu paso polo termo municipal de Carral, e desexar a pronta recuperación das persoas feridas.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (seis concelleiros/as do grupo municipal do PP, cinco concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e o señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)) adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Declarar o loito oficial do Concello de Carral durante tres días, nos que as bandeiras permanecerán a media hasta nos edificios municipais.
- 2.- Suspender as Festas na honra á Virxe do Socorro.
- 3.- Amosar a solidariedade do pobo e do Concello de Carral coas familias das vítimas do tráxico accidente acontecido o 5 de setembro de 2015 durante a realización do Rally da Coruña ao seu paso polo termo municipal de Carral, e desexar a pronta recuperación das persoas feridas.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Ao non existir máis temas que tratar, ás 11 horas e 59 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de tres páxinas numeradas do un ao tres , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourião

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

